

# LIDERA

REVISTA DE OPORTUNIDADES DE EMPREGO E  
EMPREENDEMENTO XOVE TRANSFRONTERIZO



SEGUNDA EDICIÓN  
DO CURSO DE  
AXENTES DE  
COOPERACIÓN

COOPERACIÓN  
GALICIA - NORTE DE  
PORTUGAL

Nº3 - Marzo 2018

 **Interreg**   
España - Portugal  
**LIDERA**  
Fondo Europeo de Desarrollo Regional  
Fundo Europeu de Desenvolvemento Regional

Marzo 2018

Nº3

- 3 Segunda edición do curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza
  
- 6 Publícase o programa definitivo da 2º Edición do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza organizado pola Fundación Galicia Europa

# A FGE convoca a 2ª edición do curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza do proxecto Lidera

Cunha duración de 100 horas, será unha formación eminentemente práctica na que, a través de diversas actividades, os participantes coñecerán as distintas alternativas de cooperación transfronteiriza e aprenderán a elaborar e redactar candidaturas para programas que fomenten a mesma.

- O curso tamén servirá para promover redes de colaboración entre persoas, entidades e expertos en preparación de proxectos.



## Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza



Desenvolve as túas capacidades potenciando o teu territorio con fondos europeos

16 abril - 7 xuño de 2018 | Valença do Minho (Portugal)  
[www.fundaciongaliciaeuropa.eu](http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu)



galicia

XUNTA DE GALICIA

Cámara

ASCEGA



FNAJ



A Fundación Galicia Europa convoca o curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza, que terá lugar entre o 16 de abril e o 7 de xuño. Combinando actividades presenciais en grupo con outras de carácter individual, os participantes recibirán asistencia e titorización especializada para coñecer a dinámica dos proxectos de cooperación transfronteiriza, as posibilidades que ofrece o financiamento europeo neste ámbito, o proceso de elaboración dunha convocatoria e a oportunidade de descubrir e coñecer a outras persoas e entidades interesadas na creación de novos proxectos transfronteirizos.

Esta actividade vai dirixida a mozos entre os 18 e 30 anos en situación de desemprego, no período de formación, ou en mellora laboral. Daráselle prioridade aos residentes próximos á zona de celebración e á orde de inscrición, tendo como máximo 15 participantes.

Para este curso, a Fundación Galicia Europa contará coa colaboración da Câmara Municipal de Valença do Minho, onde se impartirán as actividades de carácter presencial, e dos demais

socios do proxecto: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cámara Oficial de Comercio, Industrial, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, Asociación Comercial de Emprendedores de Galicia (ASCEGA), Instituto Portuguêz do Desporto e da Juventude (IPDJ), Federación Nacional de Asociacións Juveniles Portuguesas (FNAJ) e Comunidade Intermunicipal do Ave.

O Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza é unha actividade do proxecto Lidera, un proxecto europeo que se enmarca no programa Interreg V A España-Portugal 2014-2020 (POCTEP), e que conta cun financiamento europeo de 1,4 millóns de euros e unha duración de catro anos. No seu obxectivo de promover o desenvolvemento económico transfronteirizo en Galicia e a Rexión Norte de Portugal a través do fomento das capacidades laborais e de emprendemento dos mozos, as actividades impulsadas por Lidera están orientadas a loitaren contra o desemprego xuvenil, a fuga de talento e concederen as



ferramentas necesarias para que este colectivo sexa un motor de pulo económico destas rexións.

Para este propósito, Lidera centrarase en tres fases principais denominadas “Crece, Cataliza e Emprende”, durante as cales se levarán a cabo unha serie de actividades orientadas a ampliar e mellorar as oportunidades laborais dos mozos.

O Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza forma parte da Fase “Cataliza”, que ten como obxectivo mellorar, potenciar e impulsar a viabilidade dos proxectos e ideas da xuventude, mediante a realización de actividades de titorización e asesoramento individualizado, formación personalizada, e coaching personal. Ao longo do proxecto realizaranse dúas edicións do curso, sendo esta a última delas.



# Publícase o programa definitivo da 2º Edición do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza organizado pola Fundación Galicia Europa

## Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza



Xa está dispoñible o programa definitivo do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza, actividade de Lidera, un proxecto europeo que se enmarca no programa Interreg V A España-Portugal 2014-2020 (POCTEP), e que conta cun financiamento europeo de 1,4 millóns de euros e unha duración de catro anos.

O curso está organizado pola Fundación Galicia Europa, que conta coa colaboración da Cámara Municipal de Valença do Minho, onde se impartirán as actividades de carácter presencial, e dos demais socios do proxecto: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cámara Oficial de Comercio, Industrial, Servizos e Navegación de Santiago de

Compostela, Asociación Comercial de Emprendedores de Galicia (ASCEGA), Instituto Portugués do Desporto e da Xuventude (IPDJ), Federación Nacional de Asociacións Xuvenís Portuguesas (FNAJ) e Comunidade Intermunicipal do Ave.

Durante o curso, que terá unha duración de 100h e un carácter eminentemente práctico, daranse a coñecer aos participantes as distintas alternativas de programas que existen na Unión Europea para financiar proxectos de cooperación transfronteiriza, e as claves sobre como redactar unha candidatura para presentarse aos mesmos.

A continuación pode consultarse o programa definitivo do

mesmo.

este xoves 12 de abril ás 12:00 h.

O prazo para inscribirse finaliza



Curso de Agentes de Cooperación Transfronteriza



**PROGRAMA DEL BLOQUE 1**

(Horario local)

Lunes  
16 de Abril

- 9.00 – 11.00 h  
**Presentación del programa**  
*Pilar del Oro Sáez – Coordinadora Oficina Información Europea Mocidade*
- 11.00 – 13.00 h y 15.00 – 17.00 h  
**Las líneas de financiación europea**  
*Daniel Diéguez – Apoio.coop*
- 17.15 – 18.30 h  
**Palabras de bienvenida y La Cooperación Transfronteriza**  
*Jorge Salgueiro Mendes – Presidente de la Cámara Municipal de Valença*  
*Vitor Dias – Director del IPDJ*  
*Pilar del Oro Sáez – Coordinadora Oficina Información Europea Mocidade*
- 18.30 – 19.30 h  
**Networking**

Martes  
17 de Abril

- 9.00 – 13.00 h  
**Creatividad aplicada al desarrollo de proyectos**  
*Daniel Diéguez - Apoio.coop*  
*Sérgio Gonçalves – Ha Moment*
- 15.00 – 19.00 h  
**Como afrontar la elaboración de un proyecto**  
*Sérgio Gonçalves – Ha Moment*
- 19.00 – 19.30 h  
**Networking**

Miércoles  
18 de Abril

- 9.00 – 13.00 h  
**Hermanamiento de ciudades**  
*Belén Mendoza – Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela*
- 15.00 – 19.00 h  
**Europa Creativa**  
*Tamara Rodríguez Silva – IN&S Comunicación e innovación sostenible*
- 19.00 – 19.30 h  
**Networking**



Jueves  
19 de Abril

- 9.00 – 13.00 h  
**Erasmus+**  
*Agência Nacional Portuguesa Erasmus+*
- 15.00 – 19.00 h  
**Erasmus+**  
*Agência Nacional Portuguesa Erasmus+*
- 19.00 – 19.30 h  
**Networking**

Viernes  
20 de Abril

- 9.00 – 13.00 h y 15.00 – 18.00 h  
**Programa de Cooperación Interreg V-A España Portugal 2014-2020**  
*Ana Luisa Ladeiras - Around Europe Advisors*
- 18.00 – 19.00 h  
**Networking y próximos pasos**  
*Pilar del Oro Sáez - Coordinadora Oficina Información Europea Mocidade*  
*Daniel Diéguez - Apoio.coop*



galicia



Cámara

